



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES de BEADE VIGO

ACTUALIZADO E APROBADO O 20 DE ABRIL DE 2022

ÍNDICE

0. Introducción.....	3
1. Fundamentación teórica e legal.....	4
2. Xustificación baseada no contexto.....	7
3. Identificación e valoración das necesidades.....	8
4. Determinación dos obxectivos.....	10
5. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.....	11
6. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas.....	24
7. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.....	25
8. Mecanismos de coordinación e colaboración	28
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.....	31
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.....	35
11. Anexos	36

INTRODUCCIÓN

O seguinte documento de centro persegue establecer os criterios xerais de actuación con respecto á atención á diversidade. Trátase dun marco de referencia para concretar as actuacións anuais e engadirase no Proxecto Educativo de Centro.

O documento elabórase atendendo ao establecido no decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula a atención á diversidade, e recolle os epígrafes alí expostos.

A descripción dos apartados que contén o plan son:

Apartado primeiro versará sobre a fundamentación teórica que o sustenta e a lexislación que actualmente está en vigor.

No segundo punto establécense as características do contexto sobre o que se van a aplicar as actuacións. Partir do contexto fará máis realista o proxecto.

A prevención na detección das necesidades é prioritario e fundamental para atender ben as necesidades do alumnado, polo que no punto terceiro expóñense os procedementos que utilizaremos para a súa identificación.

O punto cuarto establece os obxectivos que o Plan tratará de conseguir.

No punto quinto faise unha descripción de todas as medidas que a administración contempla e que o centro podería implantar, se as necesidades e a organización así o aconsellan. Ademais, en cada unha delas, recóllense os criterios para elixir ao alumnado.

No punto sexto establécense os criterios e a priorización das medidas que o noso centro considera máis axeitadas para levar a cabo anualmente.

No seguinte apartado concretaranse as actuacións e funcións dos axentes implicados.

No oitavo punto exporemos os mecanismos de coordinación e colaboración no centro, tanto internos como externos, con outros organismos así como cos pais, nais e titores legais.

Por último, recóllense os protocolos de solicitude e autorización das medidas que o centro utiliza habitualmente e os mecanismos de avaliación e seguimento do plan.

1. FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E LEGAL

O seguinte Plan de Atención á Diversidade xorde ao amparo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, coas rectificacións elaboradas na lei orgánica 3/2020 de 29 de decembro LOMLOE, para dar resposta a un dos principios e fins da educación que no capítulo I do título preliminar se establece:

“A equidade, que garantice a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades, tamén entre homes e mulleres, que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de calquer tipo de discapacidade, de acordo co establecido na Convención sobre os dereitos da persoas con Discapacidade, ratificada en 2008, en España.”

No Título II da referida lei, dedicado á equidade na educación, establécese que as administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

A diversidade, pois, é una realidade social, e polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, así como das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

Por todo iso, debemos entender á atención á diversidade como “O conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos”.

En Galicia concrétanse estas actuacións no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación coas rectificacións elaboradas na Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro LOMLOE

No artigo 4 deste decreto, establece os principios xerais de actuación de toda atención educativa á diversidade e que este Plan tamén recollerá:

- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros e participación de toda a comunidade educativa.

Atendendo a estas bases teóricas e legais este documento de centro tratará de dar desposta e esta diversidade propia do noso contexto de maneira que garantamos o máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e a súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Ademais este documento tomará como referencia a seguinte lexislación vixente sobre os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos.

- Decreto 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998
- Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011.
- Decreto 324/1996, de 26 de Xullo, Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Orde 1 Agosto de 1997, instrucións para o desenvolvemento do decreto 324/1996

- Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade e para alumnado do ESO.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Protocolos de actuación:
 - Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
 - Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
 - Protocolo de prevención detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
 - Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
 - Protocolo urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
 - Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso.
 - Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
 - Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA).
 - Protocolo para a atención do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
 - Protocolo TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
 - Protocolo Protección de Datos.
 - Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe
 - Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar de Galicia.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O seguinte Plan de Atención a Diversidade está deseñado para o IES de Beade de Vigo, instituto de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, que se caracteriza por:

2.1. ALUMNADO E PROFESORADO:

Este centro escolariza alumnado das etapas educativas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato coas modalidades de Ciencias Sociais e Humanidades e Científico-tecnolóxico.

Xeralmente organízase o alumnado en 20 unidades que atenden ao redor de 450 alumnos/as. O cadro de persoal do profesorado está composta por 42 50 profesores/as.

O centro conta cunha ANPA, dous conserxes, unha administrativa e 4 limpadoras.

O centro recibe os seus alumnos da ESO de 3 centros adscritos de educación infantil e primaria da mesma parroquia: CEIP Sárdoma Moledo, CEIP Coutada Beade, CEIP Otero Pedrayo e alumnado do resto do Concello de Vigo, moitos deles de recente incorporación ao sistema educativo.

O alumnado de bacharelato é tanto dos centros da parroquia como do centro da cidade.

2.2.- CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS E CULTURAIS:

O IES de Beade ten o seu emprazamento nunha parroquia da cidade de Vigo. Concretamente sitúase no barrio de Beade, moi preto do centro urbano. Trátase dunha zona eminentemente semi-rural, pero a súa actividade económica prioritaria non é o campo, senón o sector industrial ou de servicios. Ademais o barrio tamén é residencial recollendo a poboación de nivel socioeconómico e cultural medio alto que decidiu afincar neste barrio tranquilo preto da cidade. O barrio conta con servicios básicos para vivir e ademais ten moi próximo o centro das Travesas, onde están moitos dos servizos básicos.

O nivel socioeconómico e cultural das familias é dispar contando cunha maioría de veciños de nivel medio ou medio-baixo e outros de nivel alto.

2.3.- INSTALACIÓNS DO CENTRO:

O centro consta dun edificio que alberga ó conxunto das instalacións educativas e que son: aulas de informática, salón de actos; biblioteca; laboratorios; aula de música; aulas-materia, aulas de informática, aula de tecnoloxía, aula de debuxo, pavillón de deportes, etc.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Este plan trata de expoñer as medidas e accións organizativas e curriculares que poden dar resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. E é que a atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

Dunha maneira máis específica este plan tratará de dar resposta aos Alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) entendendo por alumnado con NEAE aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar:

- Necesidades Educativas Especiais.
- Dificultades Específicas de Aprendizaxe.
- Altas Capacidades Intelectuais.
- Incorporación tardia ao sistema educativo.
- Presentar condicións persoais ou de historia escolar.

Os procedementos para detectar e identificar as necesidades de forma temperá ao alumnado con NEAE serán:

ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS	CANDO	QUEN
1. Petición de praza de NEE na Preinscripción de matrícula	Mes de marzo	Administrativos do centro pasarán a petición ao Dpto Orientación. Que solicitará intervención do EOE
2. Reunións de coordinación entre os centros de Educación Primaria e o Instituto.	Mes de xuño.	Titores e orientadores dos CEIP e a Orientadora e Profesora de Pedagogía Terapéutica do Instituto.

<p>3. “Programa de identificación e intervención de alumnado con necesidades educativas” en 1º de ESO</p>	<p>Mes de setembro e outubro</p>	<p>Orientadora</p>
<p>4. Sesión de avaliación inicial</p>	<p>Finais mes de outubro.</p>	<p>Equipos docentes, orientadora e equipo directivo</p>
<p>5. Solicitude de intervención departamento de orientación.</p>	<p>Ao longo do curso</p>	<p>Poderán solicitar a intervención tanto o profesorado, titores, os pais e nais dos alumnos ou o equipo directivo.</p>

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos que trataremos de conseguir con este Plan son:

1. Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe axustando a resposta educativa ás características e necesidades individuais.
2. Facilitar á totalidade do alumnado o desenvolvemento das súas competencias básicas, así como o logro dos obxectivos da etapa, cun enfoque inclusivo e normalizador, establecendo os procesos de mellora continua que favorezan o máximo desenvolvemento, a formación integral e a igualdade de oportunidades.
3. Dar resposta educativa, organizativa e curricular, adaptadas ás diversas características individuais que presenta o alumnado referidas a capacidades, motivacións, intereses, estilos ou ritmos de aprendizaxe.
4. Servir de marco de referencia para a elaboración e posta en marcha anualmente as diferentes medidas de atención á diversidade no centro.
5. Identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado e tratar de darlles resposta no momento en que se detecten.
6. Revisar a resposta educativa ao alumnado con N.E.A.E. e cando cumpra a súa modalidade de escolarización.
7. Coordinar as diferentes actuacións do profesorado có profesorado de apoio e a orientadora, para dar resposta ás necesidades do alumnado.
8. Informar e asesorar ás familias do alumnado respecto das características, necesidades e medidas a adoptar.
9. Diminuír o risco de abandono escolar temperá e de exclusión social do alumnado escolarizado no centro e coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á promoción académica e inserción social

5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5.1.- ACTUACIÓNS

Todas as actuacións individualizadas, grupais, organizativas, curriculares, etc. terán como fin a inclusión e a normalización do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe e na convivencia no centro.

Toda a información relativa as características do alumnado con NEAE rexirase pola confidencialidade e o deber de sigilo de todos os membros da comunidade educativa tal e como se establece no Protocolo Protección de Datos.

5.2.- PROGRAMAS

5.2.1.- PROGRAMA DE IDENTIFICACIÓN E INTERVENCIÓN DE ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS.

Programa destinado ao alumnado de 1º de ESO.

Obxectivos:

- Detectar o antes posible necesidades educativas que impidan ou dificulten a aprendizaxe.
- Axustar a resposta educativa en función das características das diferentes necesidades específicas de apoio educativo.
- Valorar as medidas de atención a diversidade idóneos para dar resposta as necesidades detectadas.
- Aportar a información na avaliación inicial que axude a prever dificultades na aprendizaxe.

Levarase a cabo de maneira grupal mediante a aplicación de probas curriculares e psicopedagóxicas na aula.

Ao alumnado que se lle detecten necesidades educativas relevantes para seguir a marcha do proceso de ensino-aprendizaxe realizaráselle unha avaliación psicopedagóxica, despois de informar a familia.

5.2.2.-PROGRAMA DE ACOLLIDA AO ALUMNADO (Ver Plan de Convivencia)

5.2.3.- PROGRAMA DE APRENDER A APRENDER (Ver Plan de Orientación)

5.2.4.- PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

5.3.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ORDINARIAS

Son medidas de atención á diversidade de carácter ordinario todas aquelas dirixidas á adecuación dos elementos de acceso ás instalacións e dos currículos ao contorno sociocultural e ás características do alumnado co fin de dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións, estratexias, ritmos e estilos de aprendizaxe, e que son de aplicación común a todo o alumnado. Estas medidas están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

1) ADECUACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO (HORARIOS, AGRUPAMENTOS, ESPAZOS) E DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DOS GRUPOS ATENDENDO Á DIVERSIDADE

a) Elaboración dos horarios do alumnado

Para favorecer a heteroxeneidade do alumnado en cada grupo sería convinte que haxa programa de reforzo con exención de francés en cada un dos grupos de 1º e 2º de ESO.

b) Asignación de titorías

E imprescindible que o conxunto do alumnado dun grupo teña clase co seu titor/a, ademáis da sesión de titoría. Por exemplo evitárase que o profesorado que da a materia na que tamén hai agrupamento flexible, colla ese grupo como titoría.

c) Agrupamento do alumnado

Na organización dos grupos ao principio de curso terase en conta o criterio de heteroxeneidade, é dicir, tratarase de que os diferentes grupos de nivel teñan repartidos de maneira igualitaria homes-mulleres, o alumnado que permaneza un ano máis no nivel e o alumnado con NEAE.

Para favorecer un bo clima de convivencia e evitar conflitos atenderanse as suxestións do profesorado dos niveis anteriores ou dos centros de primaria sobre a conveniencia ou non xuntar ou separar a certo alumnado.

As medidas de atención á diversidade estarán no maior número posible de grupos, repartindo así ao alumnado de NEAE. Por exemplo, o alumnado dos agrupamentos flexibles saíran polo menos de 2 grupos diferentes.

d) Distribución das aulas, unidades e/ou dos espazos.

Para favorecer a distensión e a atención e concentración do alumnado favorecerase na organización mediante aulas-materias en todos os niveis educativos.

Priorizarase a creación de máis unidades nos primeiros niveis, que nos últimos.

2) ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS AO CONTORNO E AO ALUMNADO

A programación de aula debe estar contextualizadas segundo as características de todos os alumnos aos que vai dirixida (nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, NEAE, intereses, etc). Tamén terá en conta os recursos materiais e organizativos dos que dispón.

3) METODOLOXÍAS QUE PROMOVAN A INCLUSIÓN DO ALUMNADO

Atendendo as liñas metodolóxicas definidas no proxecto educativo para a elaboración das programacións debese garantir a inclusión a realidade do alumnado. As estratexias que podemos incluír para promover a inclusión son:

- Traballo colaborativo
- Aprendizaxe por proxectos
- Aprendizaxe – servizo
- Tutoría entre iguais

4) ADAPTACIÓN DOS TEMPOS E INSTRUMENTOS OU PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación poden ser:

- Forma de comunicación
- Secuenciación das tarefas
- Verificación da comprensión das tarefas
- Dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos necesarios
- Concesión do tempo necesario.

Nos casos de alumnado con NEAE ou que polas súas que o precisen polas súas características referidas a Déficit visual, Déficit auditivo, Trastorno Déficit de Atención con Hiperactividade, Dificultades Específicas de Aprendizaxe, Déficit motórico, alumnado con baixo dominio na lingua vehicular, etc adaptárense, se fose necesario, os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, prestándose especial atención aos protocolos específicos de Consellería de Educación.

Esta adaptación non deixa de ser un reforzo na temporalización o na avaliación polo que constará no seu expediente como reforzo educativo (RE)

5) AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA/AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA

O centro contará, se fora necesario e a organización do centro o permitise, cun aula de convivencia para atender ao alumnado que pola súa conduta disruptiva impida o normal desenvolvemento do traballo do grupo-clase.

Serán atendidos polo profesorado de garda. O xefe de estudos establecerá gardas específicas para este fin. Farán tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda. Ningún alumno pode ser derivado sen actividades para realizar.

Os pais deberán ser informados indicándoselles a incidencia que o motivou.

Ademáis esta aula de convivencia pode ter como fin substituír o tempo de expulsión do alumnado que esté privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro ou aula, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación a súa aula no menor tempo posible.

6) REFORZO EDUCATIVO

Medida curricular ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e todo o referente á metodoloxía.

O reforzo educativo será impartido polo profesorado na aula cando así o considere oportuno e no momento en que se detecten as primeiras dificultades no alumnado. Constará no boletín de notas e na acta de avaliación como RE e haberá que informar ao titor, xefatura de estudos e pais de que se levará a cabo.

Ao finalizar o curso o profesorado cubrirá o informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo (ver anexo)

7) APOIO DO PROFESORADO CON DISPONIBILIDADE HORARIA

Todo o profesorado con disponibilidades horarias poderá atender ao alumnado con NEAE aplicando as diferentes medidas de atención á diversidade en función das necesidades, algunhas máis concretas poden ser:

8.1.- O profesorado que aplique reforzo educativo na súa materia a certo alumnado poderá contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

8.2.- Programa de preparación á proba de acceso a ciclos medios:

O profesorado con dispoñibilidade horaria poderá dar reforzo nas áreas que son obxecto de exame na proba de acceso a ciclo medio. O alumnado que pode recibir este programa será:

- Alumnado de 3º de ESO e excepcionalmente o de 4º, que se matriculara para facer a proba.
- Que teña moi poucas expectativas de acadar o título de ESO pola vía ordinaria.

Constará no seu expediente como reforzo educativo (RE).

8.3.- Aprendizaxe do español para alumnado de incorporación tardía

O profesorado con dispoñibilidade horaria poderá dar clases de español a aquel alumnado de incorporación tardía ao noso sistema educativa e que proveñan do estranxeiro con descoñecemento deste idioma.

8.4.- Aprendizaxe do galego para alumnado exento:

O profesorado preferentemente do ámbito lingüístico poderá levar a cabo un programa de iniciación a lingua galega a aquel alumnado que por proceder do estranxeiro ou doutras comunidades autónomas estén exentos.

9. PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Tipo de reforzo educativo que o profesorado poderá pór en marcha para o alumnado de Altas Capacidades.

O enriquecemento curricular levarase a cabo de xeito horizontal, profundizando nos contidos do curso ou ben interrelacionándoos con outros contidos de maneira interdisciplinar, buscando sempre a funcionalidade das aprendizaxes.

Será informados os pais e constará no seu expediente como RE.

10. PROGRAMA DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS EN 1º E 2º ESO con exención de francés

Criterios de inclusión:

- Cheguen a 1º de ESO por Imperativo Legal de Educación Primaria
- Repitan 1º ESO
- Promocionen a 2º ESO con algunha ou todas as áreas instrumentais suspensas.
- Repitan 2º ESO

- Alumnado que chega doutros centros e xa tivo dita medida.
- Alumnado con Trastorno Específico da Aprendizaxe, tdah ou Nee

Estes programas estarán baseados nos mínimos esixibles das áreas. Poderán quedar exentos da 2ª lingua estranxeira. Constará no expediente académico como RE.

11. PLAN DE REFORZO DE MATERIAS PENDENTES

Elaborado polo profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do departamento correspondente, adaptado as particularidades de cada alumno destinatario. O departamento velará pola súa realización por parte do alumnado.

O plan debe incluír: identificación do alumno. Información relevante sobre a materia/s sen superar. Currículo a desenvolver coa especificación dos criterios de avaliación. Estratexias metodolóxicas. Recursos. Tarefas a realizar coa súa temporalización. Seguimento e avaliación. Acreditación da información á familia.

En cada sesión farease o seguimento do plan. Na sesión final de curso o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. Para superar a materia pendente ten que ter avaliación positiva no plan de reforzo.

12. PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Para todo o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso. Elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do titor.

O plan debe incluír: Relación de necesidades que motivaron a repetición, medidas ordinarias aplicadas o curso anterior, estratexias metodolóxicas, recursos necesarios, medidas extraordinarias se fose necesario e acreditación da información á familia.

O Plan desenvolverase ao longo do curso. Farase seguimento en cada avaliación e faranse os axustes necesarios. Na sesión final de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

13. PROGRAMA HABILIDADES SOCIAIS

Os centros desenvolverán programas de habilidades sociais para todo o alumnado no que se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias pra favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o

respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións terán consideración de elementos transversais do currículo.

Ademais servirá como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias a convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disrutivas, o naqueles casos nos que o alumno estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Aplicarase coordinadamente co profesor titor, coa implicación do resto do profesorado, as familias e se fose o caso, os servizos sociais.

EXTRAORDINARIAS

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

1. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Medida extraordinaria de atención á diversidade para apoiar o alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe nas áreas curriculares de lingua castelá, lingua galega e matemáticas,

Organización:

- Número máximo de alumnos non será superior a 15- 10 alumnos.
- A medida ten carácter reversible polo que a xunta avaliadora considerará se pode incorporarse ao grupo de referencia.
- Non debe superar os 13 periodos lectivos en caso de que asista a máis dun agrupamento.
- A proposta para a incorporación de novo alumnado logo de constituídos os agrupamentos realizarase ata o mes de xaneiro incluído.
- A medida será dun curso académico.
- Necesitará a aprobación da inspección educativa

- Aparecerá no seu expediente académico como Reforzo Educativo
- Durante o mes de setembro, a dirección do centro solicitará a inspección a autorización do agrupamento flexible. Incluirase as programacións adaptadas de cada agrupamento.
- En canto a selección do alumnado contará cun informe do profesorado titor sobre o alumnado a incorporarse, informe de dpto. de orientación, a conformidade expresa da familia e a convocatoria dunha reunión coa xefatura de estudos despois da avaliación final ordinaria ou extraordinaria.
- Este alumnado non pode ter Adaptación Curricular.

2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Entenderase por adaptacións curriculares significativa as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, para atender as necesidades educativas especiais do alumnado, excepcionalmente para o resto do alumnado con NEAE

Para a adopción desta medida comprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas do alumnado, despois da aplicación doutras medidas.

As adaptacións suporán a modificación, ampliación, redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o nivel no que o alumno esté matriculado.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor/a que imparte a área ou materia, que ademais será o responsable do desenvolvemento e da avaliación, en colaboración co profesor de apoio e contará co asesoramento da xefatura do dpto. de orientación.

A solicitude farase antes da finalización do mes de novembro.

As familia teñen dereito a que se lles facilite copia despois de solicitala.

3. PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E RENDEMENTO (curso 2022-2023)

Requisitos de acceso.

Poderase acceder a 1º curso de PMAR (2º ESO) si se cumpren estes dous requisitos:

- Ter dificultades de aprendizaxe non debidas á falta de traballo e con posibilidades de obter o Título de ESO.

- Cursar 1º ESO, non estar en condicións de promocionar e ter repetido polo menos unha vez en calquera etapa.

Poderase acceder a 2º curso de PMAR (3º ESO) si se cumplan estes dous requisitos:

- Ter dificultades de aprendizaxe non debidas á falta de traballo e con posibilidades de obter o Título de ESO.
- Cursar 2º ESO sen poder promocionar a 3º ESO e haber repetido en calquera etapa, o ben, excepcionalmente cursar 3º ESO e non estar en condicións de promocionar.

4. APOIO DA PROFESORA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Recurso dirixido ao alumnado con NEE e excepcionalmente o resto do alumnado con NEAE.

Está medida constará no expediente do alumno como reforzo educativo. A atención docente directa farase con carácter xeral dentro da aula ordinaria, excepcionalmente farase fora si así consta no informe psicopedagóxico, en grupo de máximo 5 alumnos, non podendo ser superior á terceira parte dos períodos lectivos semanais, en ningún caso o horario total dunha materia.

5. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

A Formación profesional básica é o primeiro escalafón da formación profesional específica que ten como fin acadar o nivel I da FP e ademais o título da ESO.

Aínda que non é unha medida de atención a diversidade si que na realidade pódese empregar como tal cando esta vía de resposta as necesidades educativas e motivacións do alumnado de 2º (excepcionalmente) ou 3º de ESO.

Requisitos que debe cumprir o alumnado de forma simultánea:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais
- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

Preferentemente, será na xuntanza da 2ª avaliación cando os equipos docentes podrán propoñer a alumnado para seguir por esta vía, xa que durante o 3º trimestre haberá que comunicarllo as familias para que decidan sobre o

conveniencia ou non de seguir por esta vía. Na avaliación final de xuño revisarase a proposta.

6. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO DOCENTE

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente no que estea escolarizado, por prescripción médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión o por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día.

6.1. ALUMNADO DE ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA E DOMICILIARIA

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
- b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
- c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

6.2. ATENCIÓN EDUCATIVA VIRTUAL

Será destinatario desta atención educativa virtual o alumnado vulnerable e o alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria para o que as comisións provinciais de seguimento determinen como xustificada esa ausencia.

7. ALUMNADO MENOR SOMETIDO A MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE PENAL

Este alumnado terá consideración de alumnado con NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Garantizarase o seu dereito á educación e será obxecto da atención educativa que se estableza na resolución xudicial.

8. TIDO A MEDIDAS DE PROTECCIÓN E TUTELA.

Este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.

9. ALUMNADO AFECTADO POR MEDIDAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E/OU ACOSO ESCOLAR.

Este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar.

No caso de acoso escolar aplicaráselle o protocolo específico da Xunta.

10. ALUMNAS EMBARAZADAS

Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobligatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto.

11. ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, procedendo do estranxeiro, conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria e presente algunha das seguintes circunstancias:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.
- b) Desfase curricular significativo.
- c) Graves dificultades de adaptación.

As medidas específicas para este alumnado serán:

- **12.1 Grupos de adquisición das linguas**

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles para alumnado estranxeiro, que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación

nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autoriza-la ampliación excepcional dese período.

Coa finalidade de facilita-la integración escolar e social do alumno, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música e educación plástica e visual, así como no período de titoría, na educación secundaria obrigatoria.

O profesorado encargado na educación secundaria obrigatoria dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico.

12.2 Grupos de adaptación da competencia curricular

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles para alumnado de procedencia estranxeira, que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 10 sesións na educación secundaria obrigatoria.

Na educación secundaria o profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.

12. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

É unha medida específica de atención á diversidade, dirixida a aqueles alumnos coas seguintes necesidades:

- NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A escolarización en educación secundaria obrigatoria e no bacharelato poderá, excepcionalmente, ampliarse ~~aumentarse~~ nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en educación secundaria obrigatoria máis alá do ano natural en que se cumpran os dezanove anos.

Este alumnado ademáis no Bacharelato poderán fragmentaros os seus cursos por materias. En total poderán permanecer 6 anos nesta etapa educativa

- **ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

As diferentes modalidades de flexibilización poden ser:

1.- Redución dun ano escolar tanto na ESO como no Bacharelato. Non se levará a cabo no último curso da etapa. Tramitarse no mes de marzo.

13. CAMBIO DE MODALIDADE DA ESCOLARIZACIÓN

Cando as necesidades educativas especiais do alumnado non poidan ser abordadas dende o centro ordinario poderíase propón un cambio na modalidade de escolarización, que podería ser:

- Cambio a Centro de Educación Especial.
- Cambio a Escolaridade Combinada.

14. DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Modificación e adaptación do currículo desde o terceiro curso da ESO, orientado a conseguir o título da ESO.

Requisitos do alumnado:

- Ter NEAE que presentan dificultades de aprendizaxe
- Haber recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa.
- Atoparse en risco de non acadar os obxectivos da etapa.
- Contar con expectativas razoables de acadar o título da ESO

Ademais o alumnado proposto de estar nalgunha das seguintes situacións:

- Ter cursado 2º, non estar en condición de promocionar a 3º
- Ter cursado 3º e non estar en condicións de promocionar a 4º
- Ter repetido 3º e non supéralo.
- Ter cursado 4º e non supéralo e ter repetido un curso na educación básica.

O programa durará 2 cursos e poderá contar con 10 alumnos como máximo e 5 como mínimo.

6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

6.1.- PLANS E PROGRAMAS

Son deseñados polo dpto. de orientación e postos en marcha polos axentes implicados en cada un dos casos.

Figurarán no Plan de Orientación e priorizaranse cada curso escolar no Plan Anual de Orientación.

6.2.- PRIORIZACIÓN NA ORGANIZACIÓN DAS MEDIDAS

Anualmente farase a priorización das medidas a implantar durante o curso escolar. Isto farase na última CCP do curso para, posteriormente, aprobar no claustro.

Sen contradicir o anteriormente exposto as medidas prioritarias serán:

➤ Medidas ordinarias:

- 1.- Reforzo educativo. Aplicación de protocolos
- 2.- Apoio do profesorado con disponibilidade horaria:

➤ Medidas extraordinarias de carácter organizativo:

1. Agrupamentos flexible
2. Programa de Reforzo nas áreas instrumentais básicas
3. Apoio Profesora Pedagogía Terapéutica
4. Adaptacións Curriculares
5. Programa de Mellora do aprendizaxe e do rendemento (curso 22-23)
Programa diversificación curricular

Aquelas outras que sexan novas para a súa implantación no centro pasarán previamente pola aprobación do claustro.

6.3.- RECURSOS

Os recursos cos que contamos para levar a cabo este Plan de Orientación á diversidade son:

➤ Recursos humanos:

- Profesora PT
- Especialista orientación educativa
- Profesorado

➤ Recursos organizativos:

- Equipo directivo
- Equipos docentes
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Dpto de Orientación
- Equipo Orientación Específico
- Inspección de educación

➤ Recursos materiais:

- Instalación: Aula PT, dpto. orientación, aulas, laboratorios...
- Material didáctico e bibliográfico específico

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

As función dos distintos profesionais en relación ás medidas de atención á diversidade deseñadas no centro son as seguintes:

- **EQUIPO DIRECTIVO**
 - Garantir e impulsar a organización do centro con criterios de igualdade e diversidade nun contorno inclusivo e normalizador.
 - Organizar e coordinar os diferentes recursos para implantar as diferentes medidas de atención á diversidade
 - Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa necesario.
 - Solicitar a inspección educativa as autorización pertinentes para levar a cabo as adaptacións curriculares, os agrupamentos flexibles, etc.

- **PROFESORADO TITOR**
 - Participar na selección do alumnado naquelas medidas en que así se requira
 - Realización de informes individualizados nos casos en que sexa necesario.
 - Coordinación e seguimento das medidas educativas proposta, coa colaboración do departamento de orientación
 - Información e colaboración coas familias.
 - Participación na avaliación psicopedagóxica cando sexa necesario.

- **PROFESORADO**
 - Colaborar co departamento de orientación na avaliación psicopedagóxica cando sexa necesario.
 - Deseño e desenvolvemento das medidas educativas de atención á diversidade propostas no plan.
 - Seguimento e avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensinanza.

- **PROFESORA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**
 - Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagoxica.
 - Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con NEE
 - Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
 - Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
 - Aquelas outras funcións que a administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

- Aquelas que lles sexan propias do departamento de orientación.
- EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO
- Asesorar e apoiar os departamentos de orientación dos centros docentes que se lles adscriban.
 - Desenvolver programas de investigación, elaboración, recompilación e difusión de recursos para darlles resposta ás necesidades específicas do alumnado.
 - Colaborar cos departamentos de orientación na avaliación psicopedagóxica do alumnado, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ó centro.
 - Contribuír á formación especializada dos departamentos de orientación e do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais que atenden.
 - Colaborar con outros servicios educativos e sociais no ámbito das súas competencias.
 - Calquera outra que se lles puidese encomendar no ámbito das súas funcións.
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
 - Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
 - Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
 - Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
 - Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
 - Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersonal ou a transición á vida profesional.
 - Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades

sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
- Aquelas outras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

➤ XEFATURA DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.
- Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do departamento conforme o procedemento que se estableza.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.
- Facilita a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Aquelas outras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

8.1.- INTERNOS DENTRO DO CENTRO:

- REUNIÓN TITORES DÍA DE PRESENTACIÓN DO ALUMNADO

A xefa do departamento de orientación o día de inicio do curso co alumnado fará unha reunión por nivel cos titores dos grupos co fin de dar a coñecer as diferentes NEAE que hai en cada grupo.

- SESIÓNS DE AVALIACIÓN

Levaranse a cabo as prescritas na lexislación vixente, é dicir, a avaliación inicial no mes de outubro, unha ao finalizar cada un dos trimestres e a avaliación extraordinaria de setembro.

- REUNIÓNS DOS EQUIPOS DOCENTES

Sempre que sexa necesario a xefatura de estudos, por iniciativa propia ou a petición do titor/a, poderá convocar os membros dos equipos docentes para consensuar actuacións ou informar sobre a marcha do curso do grupo ou sobre alumnado individual.

- ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CO PROFESORADO

Ao longo do curso, sempre que sexan necesarias.

8.2.- COS CENTROS ADSCRITOS

Para unha mellora coordinación entre as etapas de primaria e secundaria levaranse a cabo as seguintes accións:

- XUNTANZAS DE COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS

Ao longo do curso o departamento de orientación terá unha reunión cada mes ou mes e medio cos representantes dos dptos de orientación dos centros adscritos e pertencentes ao dpto de orientación do IES. Nas diferentes xuntanzas traballarase sobre aspectos e actuacións conxuntas a desenvolver ao longo das dúas etapas: por exemplo elaboración Programa de Aprender a Aprender, consensuar o Plan Atención a Diversidade, Resultados da Avaliación Diagnóstica, Actuacións conxuntas do Programa de Orientación Académico-Profesional, etc.

- XUNTANZAS FIN DE CURSO:

No mes de xuño celebraranse reunións cos titores e orientadores dos centros adscritos coa orientadora e profesora de pedagogía terapéutica do instituto, para coñecer de primeira man as características e necesidades do alumnado que recibimos de cada un dos centros. Recollida de información e de informes, se os houberse.

- DÍA DE PORTAS ABERTAS:

No último trimestre de curso celebrárase un día de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria dos centros adscritos coa finalidade de traballar a adaptación ao novo centro. Ademais pola tarde levarase a cabo unha charla cos pais/nais dese alumnado para informar sobre o centro, a nova etapa educativa, etc.

8.3.- CON OUTROS SERVIZOS EXTERNOS

O centro terá relación cos seguintes servizos externos cando así o considere oportuno. A finalidade será buscar asesoramento especializado. Ademais, terá como fin establecer pautas de intervención coordinadas co alumnado. Neste caso sempre baixo a autorización dos pais ou titores legais do alumnado mediante a cumprimentación da autorización pertinente.

- Equipo Orientación Específico da Delegación de Educación
- Asesores do Servizo de Orientación da Consellería de Educación
- Servizo de Inspección Educativa
- Servizos Sociais do Concello de Vigo
- Servizo de Menores da Consellería de Familia da Xunta de Galicia
- Entidades ou Asociacións dos diferentes déficits ou necesidades especiais: Asociación Síndrome Down, Asociación Asperga, ANHIDA, ADAH, ONCE, etc
- Equipo Saúde Mental de Vigo
- Facultativos das diferentes especialidades do Sergas en Vigo
- Asociación ASDEGAL
- Secretariado Xitano de Vigo

8.4.- COS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS

- ENTREVISTAS COAS FAMILIAS:

Todo o profesorado, titores, equipo directivo e orientadora atenderá as demandas dos pais/nais ou titores legais cando así o requirán, sempre previa cita e atendendo aos horarios que para tal fin constan nos horarios do centro.

- ENTREVISTA INICIAL A PETICIÓN DA XEFA DO DPTO ORIENTACIÓN:

A xefa do dpto. de orientación manterá entrevista inicial cos pais/nais ou titores legais nos seguintes casos:

- Alumnado novo que sexa de NEAE.

- Cando os resultados do Programa de Prevención e Identificación de Necesidades Educativas así o requira.
- Cando haxa que iniciar unha avaliación psicopedagóxica

- ACTIVIDADES FORMATIVAS:

A orientadora poderá citar aos pais para realizar charlas divulgativas que teñan que ver co tema da Atención á Diversidade.

- COMUNICACIÓNS ESCRITAS:

Todo o profesorado poderá poñerse en contacto ou notificar as incidencias diarias cos pais a través da axenda escolar, a libreta ou a través de Abalar. Sobre todo nos primeiros cursos de ESO.

- CONVERSACIÓNS TELÉFONICAS

O profesorado poderase poñer en contacto coa familia telefónicamente para notificar incidencias ou informar do progreso escolar do alumno.

- REUNIÓNS COLECTIVAS

Poderanse realizar reunións grupais tanto por nivel como por grupo-clase aos pais para informar do seguimento global do grupo ou como acto de benvida a principio de curso.

Os pais teñen outros canles de participación no Centro como poden son a ANPA e o Consello Escolar.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

9.1.-AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

1. O equipo docente propón o alumnado que necesita reforzo mediante agrupamento flexible na sesión de avaliación ordinaria de xuño. Os centros adscritos tamén poderán facer as súas propostas na avaliación de xuño.
2. O titor/a do grupo realizará un informe de cada un dos alumnos en colaboración se fose necesario do dpto. de orientación. Este paso realizarase antes do mes de xullo.
3. O xefatura do dpto. de orientación organizará ao alumnado cos seguintes criterios:
 - 1.- Alumnado que ten a materia suspensa
 - 2.- Alumnado que xa tivera agrupamento o curso anterior
 - 3.- Alumnado que xa repetira algunha vez
4. A proposta das áreas que serán obxecto de agrupamento será realizada pola comisión de coordinación pedagóxica.
5. Informar ás familias e asinar documento conforme quedan enteirados.
6. O director do centro enviará antes do 30 de setembro a proposta de organización dos agrupamentos flexibles ~~específicos~~ ao servizo de inspección educativa a quen lle corresponde a súa aprobación.
7. O alumnado poderase incorporar a un agrupamento flexible ata finais de xaneiro. E poderá reincorporarse ao seu grupo de referencia ao longo do curso, despois de ser decidido en cada unha das avaliacións ordinarias. Estes cambios serán notificados á inspección educativa.

9.2.- INTERVENCIÓN PROFESORADO PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- 1.- Proposta do equipo docente, das necesidades do alumno, nas reunións de avaliación ou proposta dos centros adscritos para o alumnado de 1º de eso.
- 2.- Informe xustificativo do dpto. de orientación e organización da intervención realizada pola xefa do Dpto de orientación en colaboración co titor e o profesor de PT.
- 3.- Autorización da dirección do centro educativo

4.- Reunión informativa da xefa do dpto. de orientación cos pais do alumno proposto para dar a coñecer a medida e para asinar o documento onde queda constancia de que quedan informados da medida que se aplicará.

9.3.-PROGRAMA DE PREPARACIÓN DA PROBA DE ACCESO A CICLOS

1.- Os titores xunto coa xefa do Dpto de Orientación farán a selección do alumnado.

2.- Os titores en colaboración co dpto. de orientación informarán aos pais da posibilidade da realización da proba e da posibilidade de recibir este apoio.

3.- Os pais que asinarán o documento.

9.4.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES

1.- Entrevista familia para solicitar autorización da realización de avaliación psicopedagóxica por parte da xefa do dpto. de orientación. Recollida información para a avaliación psicopedagóxica

2.- Realización da avaliación psicopedagóxica por parte da xefe do dpto de orientación en colaboración co profesorado.

3.- Reunión co equipo docente e xefa de estudos para valorar a pertinencia ou non da elaboración da AC atendendo aos datos da avaliación psicopedagóxica e as conclusións do informe psicopedagóxico. Cada profesor valorará a pertinencia ou non de facerlla na súa materia.

4.- Entrevista coa familia para informar das conclusión da avaliación e a da proposta da medida. Asinará documento conforme está informada da medida que se lle vai a aplicar.

5.- Elaboración do documento: por parte do profesorado.

6.- Solicitud de autorización por parte do director ao Servizo de Inspección Educativa, antes de finais do mes de novembro, con carácter xeral.

7.- Aplicación, seguimento e avaliación da medida.

9.5.PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

O procedemento para acceder será o seguinte:

1. Proposta do titor e do equipo docente: na sesión de avaliación do 2º trimestre e excepcionalmente na 3ª avaliación

2. Consentimiento do alumnado e seus pais.
3. Informe favorable da Xefa do Departamento de Orientación
4. Autorización do Director.
5. Autorización da Inspección.

9.6. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Procedemento para a súa incorporación:

1. Proposta do titor e do equipo docente: na sesión de avaliación do 2º, e excepcionalmente no 3º trimestre
2. Consentimiento do alumnado e seus pais.
3. Autorización do/a Director/a.
4. Entrega da documentación esixida para a preinscrición no momento da recollida das notas da avaliación extraordinaria de setembro.
5. Entrega do anexo III asinado na secretaría do centro e entrega do anexo IV por parte da secretaria.

9.7. INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO

- Matriculación do alumnado no nivel educativo atendendo a idade.
- Entrevista por parte da xefa do departamento de orientación coa familia, para a recollida de información sobre a escolarización do alumno e informándolle do protocolo de incorporación.
- Avaliación inicial por parte do profesorado e departamento de orientación durante a primeira semana de clase do alumnado novo.
- Reunión do equipo docente sobre a decisión de permanecer no nivel educativo ou baixalo un curso escolar, atendendo as necesidades educativas que traía o alumno e sempre que haxa dous cursos de desfase curricular.
- Comunicación a familia e alumnado da decisión do equipo docente.

9.8. ATENCIÓN DOMICILIARIA

Solicitud de atención domiciliaria:

- Presentación por parte da familia a dirección do centro da solicitud de atención domiciliaria, adxuntando o certificado médico que o avala.
- Remisión a Inspección Educativa.

9.9. FRAGMENTACIÓN

A solicitud por escrito na secretaría do centro os pais ou tutores legais do alumno.

Será necesario acompañar a solicitud co informe psicopedagógico do departamento de orientación.

Con eses documentos a dirección do centro fará a solicitud a inspección educativa.

9.10. CAMBIO DE MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN

O protocolo para o cambio de modalidade de escolarización serán:

1. Proposta do equipo docente, co asesoramento do departamento de orientación.
2. Ditame de escolarización favorable da xefa do departamento de orientación.
3. Entrevista coa familia para ter a súa opinión e autorización para o cambio.
4. Petición ao equipo de orientación específico de intervención para autorización do cambio.
5. Remisión a inspección educativa.

10.-PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN É MELLORA DO PLAN

A avaliación do proxecto levarase a cabo en tres momentos diferentes:

- Avaliación inicial: na valoración final de cada curso concluiremos as necesidades que tendremos para o vindeiro curso. Na CCP de xuño analizaranse as necesidades e os recursos cos que contamos para organizar as diferentes medidas de atención á diversidade.
- Avaliación continua: Durante o curso realizarase unha avaliación do proceso para ir modificando aqueles aspectos que sexan necesarios e adecualos as novas circunstancias. Levarase a cabo nas sesións de avaliación e nas reunións dos equipos docentes ou de dirección.
- Avaliación final: a final de curso realizarase dentro da avaliación xeral da nosa práctica docente equedará reflectida na Memoria de Fin de Curso.

Os criterios de avaliación que teremos en conta serán:

- Coherencia do plan coas necesidades do centro.
- Grao de implicación e cooperación dos responsables no desenvolvemento do plan.
- Idoneidade na concordancia entre obxectivos e actividades. Grao de consecución dos obxectivos propostas.
- Eficacia metodolóxica.
- Adecuación dos recursos humanos, didácticos e espaciais.
- Índice de fracaso e éxito académico do alumnado.

Todos os sectores implicados, no ámbito das súas respectivas competencias, deberán participar nos procesos de seguimento e avaliación dos proxectos, plans e/ou programas, de acordo cos procedementos que neles se establezan.

ANEXOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

APOIO PROFESORA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

O ALUMNO/A _____

de ____ curso de ESO, foi proposto para recibir apoio da Profesora de Pedagogía Terapéutica

_____ sesión semanais, nas que recibirá reforzo nas áreas de _____

coa finalidade de superar as dificultades que presenta (para calquer dúbida falar co titor ou coa orientadora)

DN/DNA _____ con DNI _____

Nai/pai ou titor legal do alumno/a _____

Queda informado e está de acordo coa aplicación desta medida de atención á diversidade o seu fillo/a.

Vigo, de de 20

Sinatura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

INCORPORACIÓN A AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

Dn/Dª....., con
DNI..... nai/pai ou titor do/a
alumno/a

Infórmase e está de acordo coa decisión da xunta avaliadora de propoñer o seu
fillo/a para agrupamento flexible de ° ESO, durante o curso 20 - 20 nas áreas
de:

Lingua Castelá

Matemáticas

Lingua Galega

O Agrupamento flexible é un reforzo nas áreas mencionadas que imparte un profesor
especialista da área. Esta medida será revisada en cada avaliación para valorar a
pertinencia ou non de que continúe con ela.

Vigo, de de 20

Asinado:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

INFORME TITOR/A

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

ALUMNO/A:

TITOR/A:

GRUPO:

Proponse para Agrupamento Especifo en _____ ESO nas seguintes materias:

- LINGUA CASTELÁ
- LINGUA GALEGA
- MATEMÁTICAS

As razóns que nos levan a incorporar o alumno/a neste/s agrupamento/s son: (sinala as que proceda)

- Ten dificultades nestas áreas
- Necesita dunta atención máis individualizada
- Necesita explicacións máis claras e concretas
- Necesita reforzar conceptos fundamentais do curso anterior
- Necesita un ritmo de traballo máis lento
- Xa tivo agrupamento específico o curso pasado.

Vigo, _____ de _____ de

Asinado: _____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

ADAPTACIÓN CURRICULAR

Dn/D^a.....,

con DNI..... nai/pai ou titor do/a alumno/a

.....

quedamos informados das características e necesidades que presenta o noso fillo/a

E a idoneidade da aplicación dunha ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA durante o curso

académico - .

Vigo, ade 20.....

Asinado:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

ACTA DA REUNIÓN DO EQUIPO DE PROFESORES PARA A FORMALIZACIÓN DUNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR

Á vista das avaliacións realizadas do alumno /a

_____ do curso ____ de _____

polo equipo de profesores do nivel e a avaliación psicopedagóxica feita polo orientadora do centro, reúnese o equipo de profesores co xefe de estudos para tomar as seguintes medidas:

1. Realizar unha adaptación individual do currículo a alumno/a
_____ do nivel ____ do ____ .

➤ Realizar a adaptación curricular nas seguintes áreas:

3. Comunicarlle á familia, coa maior brevidade posible, a necesidade da adaptación e o que esta medida significa cara á aprendizaxe

Vigo,dede 20

Asdo: Titor/a do nivel



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

INCORPORACIÓN PROGRAMA DE REFORZO NAS TÉCNICAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS CON EXENCIÓN DA 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

Pai/Nai do ALUMNO/A:

Infórmase de que o alumno/a presenta claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, polo que consideramos conveniente que o alumno/a quede exento de cursar a 2ª lingua estranxeira (francés) no curso de ESO. Nesas horas recibirá reforzo educativo nas técnicas instrumentais básicas

Dn/Dna _____

Nai/pai do alumno/a queda informado e está de acordo de que o alumno/a quede exento da 2ª lingua estranxeira (francés)

Vigo, de de 20

Asinado





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camíño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

INFORME TITOR/A

PROGRAMA REFORZO TÉCNICAS INSTRUMENTAIS EXENCIÓN 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)

O ALUMNO/A:

Proponse para o Programa de Reforzo con exención da 2ª lingua estranxeira (francés) para o ___ curso ESO polos seguintes motivos: (sinala o que proceda)

- O alumno/a presenta desfase curricular nas áreas de linguas.
- O alumno/a presenta claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe.
- Polo que necesita: (sinala o que proceda)
- Afianzar a velocidade e precisión lectora
- Incrementar a comprensión lectora
- Incrementar o gusto e o pracer pola lectura
- Consolidar a expresión escrita sobre todo na escritura espontánea
- Realizar textos con fluidez e coherencia
- Afianzar as regras ortográficas da escritura

Vigo, de de

Asinado:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

COLABORACIÓN CON ORGANISMOS EXTERNOS

DN/DNA _____

CON D.N.I. _____

NAI/PAI ou TITOR LEGAL DO ALUMNO/A:

AUTORIZO A XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO IES DE BEADE

DNA _____

a poñerse en contacto co organismo externo

para recoller información sobre as necesidades, características e intervención co/a alumno/a

e así para poder traballar coordinadamente.

Vigo, de 20

Asinado



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camíño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 986 200 111 - Fax: 986 200 401
ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesbeade>

REALIZACIÓN DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Don/a _____, con DNI

_____, pai/nai ou titor/a legal do/a alumno/a

_____, fun informado/a da

da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica, por parte do/a xefe/a do Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas

Polo que:

AUTORIZO

NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da
necesidade desta avaliación)

En Vigo, a ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____

Nai/Pai/Titor/a legal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camíño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN

ALUMNO/A:	
DATA DE NACEMENTO:	IDADE:
CURSO:	TITOR/A OU PROFESOR/A:

1. MOTIVO DA DEMANDA

2. DATOS DA ESCOLARIZACIÓN E INTERVENCIÓNS APLICADAS:

- RESULTADOS ACADÉMICOS

- DATOS RELEVANTES DE PERSONALIDADE, COMPORTAMENTO, RELACIÓNS SOCIAIS.

- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS

- INTERVENCIÓNS CO ALUMNO/A

- INTERVENCIÓNS COA FAMILIA

Vigo, de de 20

Asinado



Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
 ☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
 ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

AUTORIZACIÓN FAMILIA PROGRAMA DE MELLORA	
ALUMNO/A:	
DATA NACEMENTO:	GRUPO:
PAI/NAI OU TITOR LEGAL: DNI:	
<p>Don/Dona _____ en calidade de _____ manifesto a miña conformidade para que , _____ se incorpore ao PROGRAMA DE MELLORA DE APRENDIZAXE de ___º de ESO no curso 20 - 20 do IES de BEADE.</p> <p style="text-align: center;">Vigo, de _____ de 20</p> <p style="text-align: center;">Asdo. _____</p>	



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camíño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
 ☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
 ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

**PROGRAMA DE MELLORA DE APRENDIZAXE
 PROPOSTA DEFINITIVA DE INCORPORACIÓN**

Reunidos o Titor/a do alumno/a, a xefa do Departamento de orientación e o xefe de Estudos do **IES de BEADE** con data ___ de setembro de 20___, unha vez valorados os preceptivos informes do Equipo Docente, o informe da avaliación psicopedagóxica do Departamento de orientación, e tendo en conta a opinión da familia, consideramos

PROCEDENTE

a incorporación ao Programa de Mellora de Aprendizaxe ao seguinte alumnado de ___º eso “___”:

Nome e Apelidos	Función	Sinatura
	TITORA	
	X. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
	XEFE DE ESTUDOS	



Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
 ☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
 ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

INFORME INDIVIDUALIZADO TITOR/A

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

ALUMNO/A:

DATA DE NACEMENTO:

CURSO:

1. COMPETENCIA CURRICULAR

- As áreas nas que presetan unha competencia curricular por debaixo do nivel no que está son:

- As áreas nas que presenta unha competencia curricular igual o esperado son:

- As áreas nas a súa competencia curricular destaca son:

2. DIFICULTADES DE APRENDIZAXE (Risca as que proceda)

ASPECTOS	PRESENTA DIFICULTADE
<i>Comprensión oral</i>	
<i>Comprensión lectora</i>	
<i>Expresión oral</i>	
<i>Expresión escrita</i>	
<i>Razoamento lóxico</i>	
<i>Resolución problemas</i>	
<i>Habilidades e destrezas plásticas</i>	
<i>Habilidades e destrezas musicais</i>	
<i>Habilidades e destrezas físicas ou motrices</i>	
<i>Interese e motivación escolar</i>	

3. **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:** (Todas ata o momento)

Repetición	Repeticións	Reforzo	ACS	Agrupamento	Programa	Apoio
Primaria	ESO	Educativo		Específico	Reforzo ex. francés	PT

O EQUIPO DOCENTE CONSIDERA QUE á vista dos resultados da avaliación extraordinaria o alumno/a reúne os requisitos para ser incorporado/a a un PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO en ___º de ESO, e esta é a mellor vía para acadar as competencias do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria e poder cursar cuarto pola vía ordinaria e así estar en situación de obter o título de graduado en ESO.

Vigo, de setembro de 20

Asdo. _____

Titor/a



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

SOLICITUDE INFORME DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO ACADÉMICO:

DON/DONA _____

D.N.I. _____ TELÉFONO _____

PAI/NAI/ TITOR/A LEGAL DO ALUMNO/A

MATRICULADO/A NO CURSO ___ DE _____, SOLICITA INFORME
DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (indicar a finalidade)

Vigo, _____ de _____ de 20

Sinatura: _____

IES DE BEADE

Camiño de Outeiro, 10

36312 VIGO



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
 ☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
 ies.beadede@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

REUNIÓN EQUIPO DOCENTE

INCORPORACIÓN A FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

No IES DE BEADE reúnese o equipo docente do grupo ____ ESO ____ o día ____ de setembro de 20____ na sesión de avaliación extraordinaria de setembro.

En dita reunión analízase a situación escolar do alumnado e as súas expectativas de acadar o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria. Atendendo a este criterio propoñemos ao seguinte alumnado para a súa incorporación as ensinanzas de Formación Profesional Básica para o curso 20 -20 :

E para que así conste, aos efectos oportunos, asinamos os membros do equipo docente:

NOME E APELIDOS	ÁREA	SINATURA

XEFA DE ESTUDOS

XEFA DPTO ORIENTACIÓN

DNA. ISABEL PINTOS

DNA. M^a JOSÉ MÉNDEZ

CONSELLO ORIENTADOR FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

DATOS DO ALUMNO/A																	
NOME				PRIMEIRO APELIDO				SEGUNDO APELIDO				NIF					
DATA DE NACEMENTO		CURSO ACTUAL (marcar con X a opción correspondente)						CURSOS REPETIDOS (de ser o caso marcar con X)									
		1º		2º		3º		4º		1º		2º		3º		4º	

GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS					
COMPETENCIAS BÁSICAS	GRAO DE ADQUISICIÓN (marcar cunha X a opción correspondente)				
	POUCO	REGULAR	ADECUADO	BO	EXCELENTE
Competencia en comunicación lingüística.					
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía					
Competencia dixital.					
Competencia social e cívica					
Conciencia e expresións culturais					
Competencia para aprender a aprender.					
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.					

GRAO DO LOGRO DOS OBXECTIVOS XERAIS					
	GRAO DO LOGRO (marcar cunha X a opción correspondente)				
	POUCO	REGULAR	ADECUADO	BO	EXCELENTE
Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo					
Coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos científicos.					
Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, na lingua castelán, e lingua inglesa.					
Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como do patrimonio artístico e cultural.					
Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.					
Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, adquirir novos coñecementos.					

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE RECIBIDAS EN ESO (só no caso de que fosen recibidas)			
ANO ACADÉMICO	CURSO	MATERIA	MEDIDA

DIFICULTADES DE APRENDIZAXE PRESENTADAS (marque cun X a opción correspondente)	
<input type="checkbox"/>	Falta de hábitos de estudo e planificación do traballo.
<input type="checkbox"/>	Falta de interese e de motivación.
<input type="checkbox"/>	Problemas de atención e concentración.
<input type="checkbox"/>	Dificultades de comprensión de lectura.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas coa expresión oral.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas coa expresión escrita.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas co razoamento e coa adquisición ou a aprendizaxe de novos conceptos.
<input type="checkbox"/>	Dificultades relacionadas co cálculo e coa resolución de problemas.
<input type="checkbox"/>	Atrazo escolar xeneralizado.
<input type="checkbox"/>	Problemas de relación e/ou integración.
<input type="checkbox"/>	Dificultades con contidos específicos (indicar en que materias):
<input type="checkbox"/>	Outras (indique cales):

PROPOSTA
<p>Recoméndase que o alumno/a se incorpore a un ciclo formativo de formación profesional básica polos seguintes motivos:</p> <p><input type="checkbox"/> Presenta moitas dificultades para seguir pola vía ordinaria.</p> <p><input type="checkbox"/> Xa consumiu os anos de repetición na etapa, polo que ten pouco tempo para rematar por esta vía.</p> <p><input type="checkbox"/> Presenta grave risco de abandono escolar.</p>

LEXISLACIÓN APLICABLE
Real Decreto 127/2014 , do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de profesional do sistema educativo.

SINATURAS		
O/A DIRECTOR/A	O/A TITOR/A	O/A ORIENTADOR/A
Visto e praxe:	En representación do equipo docente	
Asdo:	Asdo:	Asdo:
LUGAR E DATA		



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
 ☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
 ies.bead@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

REFORZO EDUCATIVO-INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO

- ALUMNO:				
- NIVEL:	ESO	“	”	CURSO: 20 - 20
- MATERIA:				
- PROFESOR/A:				
- TRIMESTRE:				

1. RELACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVAN O REFORZO EDUCATIVO (marcar cun X)

- Afianzar os obxectivos e as competencias básicas do nivel	
- Axustar o proceso de ensinanza ao ritmo de aprendizaxe.	
- Adquirir coñecementos previos da materia.	
- Mellorar o razoamento lóxico xeral	
- Mellorar a motivación escolar: esforzo, traballo, implicación, responsabilidade, etc	
- Implementar técnicas de aprender a aprender: organización, planificación, técnicas e hábitos de estudo	
- Afianzar a concentración e atención.	
- Outras:	

APLICACIÓN DO PROTOCOLO PARA ALUMNADO CON NEAE:

- TDAH	
- TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO	
- DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE	
- DISCAPACIDADE AUDITIVA	
- DISCAPACIDADE MOTÓRICA	
- DISCAPACIDADE INTELECTUAL	
- OUTRO:	

2. REFORZO EDUCATIVO

CONTIDOS	
Secuenciación de contidos	

RECURSOS	
Fichas de reforzo nivel anterior	
Fichas de reforzo do nivel	
Material resumido ou esquematizado	
Material audiovisual e informático	
Outros:	

METODOLOXÍA	
Explicacións personalizadas	
Ubicación próxima ao profesor	
Volumen de traballo según ritmo de aprendizaxe	
Máis tempo para a realización de tarefas	
Aprendizaxe colaborativo: Traballo en parella, pequeno grupo	
Traballo por proxectos, traballos de investigación	
Titoría de iguais	
Outras:	

AVALIACIÓN	
Máis tempo nos exames	
Realización de exames orais en vez de escritos	
Exames orais personalizados	
Organización do examen de xeito sinxelo: separación de preguntas, subliñar instrucións, letra máis grande, redacción de preguntas con linguaxe simple.	
Exames máis curtos e/ou con menos preguntas	
Exames con diferente tipo de preguntas: preguntas de opción múltiple, de relacionar, cortas, de desenvolver, completar, etc.	
Outros:	

3. AVALIACIÓN DO REFORZO EDUCATIVO

Os resultados da aplicación do reforzo educativo foi:

- Acadaronse os obxectivos previstos
- Foi eficaz pero non se acadaron os obxectivos previstos
- Non foron eficaces.

4. PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE

Para o curso seguinte recoméndase seguir co reforzo educativo

- Si Non

Asinado

Profesor/a



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade - VIGO
 ☎ 886 111 030 - Fax: 886 111 038
 ies.beade@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO

REPETICIÓN DE _____ ESO NO CURSO 20_____/20_____

ALUMNO/A:

CURSO 2021-2022:

5. RELACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVAN A REPETICIÓN

- Afianzar os obxectivos e as competencias básicas do nivel	
- Afianzar as técnicas instrumentais básicas	
- Adquirir coñecementos previos na maioría das materias.	
- Adquirir as linguas vehiculares de Galicia	
- Incrementar a atención e concentración	
- Mellorar o razoamento lóxico xeral	
- Mellorar a motivación escolar (esfuerzo, traballo, implicación e responsabilidade cara o traballo escolar)	
- Implementar técnicas de aprender a aprender (organización e planificación, técnicas de estudo, hábitos de traballo)	
- Outras:	

6. MEDIDAS APLICADAS DURANTE O CURSO

- Adecuación da estruturación organizativa do centro	
- Adecuación das programación didácticas ao alumnado	
- Reforzo educativo profesorado	
- Programa de reforzo con exención de francés	
- Plan de reforzo de materias suspensas	
- Adaptacións curriculares	
- Agrupamentos flexibles	
- Apoio pedagogía terapéutica	
- Repetición de curso	
- PMAR/ Programa Diversificación Curricular	
- Outras:	

7. ESTRATEXIAS PARA LEVAR A CABO O PLAN

7.1. METODOLÓXICAS

- Reunións periódicas coa titor/familia para facer seguimento	
- Reunións trimestrais de coordinación do equipo docente para facer seguimento	
- Uso do reforzo positivo para incrementar a motivación do alumno/a	
- Apoio con ferramentas tecnolóxicas	
- Explicacións individualizadas por parte do profesorado	
- Emprego de metodoloxías activas e participativas: aprendizaxe por proxectos, traballo colaborativo, titoría de iguais,	
- Aplicación de protocolo específico en función das NEAE do alumno/a (TDAH, DEA, TEA, etc.)	
- Asesoramento por parte do departamento de orientación se fose necesario.	

7.2. RECURSOS

- Material bibliográfico	
- Material tecnolóxico	
- Tarefas personalizadas	
- Fichas reforzo curso anterior	

8. MEDIDAS ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PROPOSTAS

- Programa de reforzo con exención de francés	
- Adaptacións curriculares. Materias:	
- Agrupamentos flexibles. Materias: LC-LG-MAT	
- Apoio pedagogía terapéutica	
- PMAR CURSO 2º ESO /Diversificación Curricular 3º, 4º ESO	
- Outras:	

9. AVALIACIÓN DO PLAN

Ao longo do curso a través do titor/a e nas reunións de avaliación trimestrais .
Seguimento coas familias trimestral.

Asinado

Titor/a ____ ESO, en representación do equipo docente

DN,DNA OU TITOR/A LEGAL _____

CON DNI _____ quedo informado/a da aplicación de dito plan específico personalizado.

Vigo, de de 20

Asinado

PROGRAMA HABILIDADES SOCIAIS

1. XUSTIFICACIÓN

Este programa xorde ao amparo da seguinte lexislación educativa:

- LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN, art. 2 :
 - 1.- O sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins:
 - c) a educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- LEI 4/2011, de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa

Artículo 19. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.

Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incurrixe reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así, mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vise temporalmente privado de seu dereito de asistencia ao centro.

- DECRETO 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na comunidade autónoma de Galicia

Competencia social e cidadá

Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como

comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

Así mesmo, forman parte fundamental desta competencia aquelas habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e de intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando tanto os coñecementos sobre a sociedade como unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade.

En definitiva, o exercicio da cidadanía implica dispoñer de habilidades para participar activa e plenamente na vida cívica. Significa construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos, e defender os dereitos dos demais.

- DECRETO 120/1998, pola que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia

Artículo 6º

1. Los departamentos de orientación desarrollarán sus funciones en aquellos ámbitos relacionados con la orientación psicopedagógica, académica y profesional y tendrán las siguientes competencias:

f) Facilitar al alumnado el apoyo y el asesoramiento necesarios para afrontar los momentos escolares más decisivos o de mayor dificultad, como el ingreso en el centro, el cambio de ciclo o etapa y, cuando corresponda, la elección de optativas o de itinerarios formativos, la resolución de conflictos de relación interpersonal o la transición a la vida profesional.

Ademais desta xustificación legal a posta en marcha dun programa de habilidades sociais xustifícase en:

- A necesidade de crear no centro un clima de convivencia baseado no respecto, na tolerancia, no bo entendemento, e para iso é necesario que o alumnado aprenda técnicas de resolución de conflitos que fomenten e favorezan unha convivencia pacífica e

positiva.

- Constatación de problemas de competencia social e interpersonal nos alumnos derivados da falta de estratexias e habilidades sociais na súa vida cotiá.
- Estas carencias poden presentar graves repercusións no desenvolvemento integral do alumno, tanto a nivel social, emocional e intelectual. Pode presentar problemas graves de conduta nun futuro próximo.
- As habilidades sociais son fundamentais para que sexa posible a integración adecuada dos alumnos nos diferentes contextos nos que participa, dende a escola á sociedade e se aprenden en contextos socializadores sendo a escola e os iguais un dos máis importantes nestas idades.

Este programa está enmarcado no Plan de Orientación do centro, concretamente no Plan de Atención á diversidade e Plan de Acción Titorial e ademais tamén forma parte do Plan de Convivencia do Centro.

2. DESTINATARIOS

Este programa terá un carácter preventivo e xeneralizado para toda o alumnado do centro, principalmente para o alumnado da ESO (sobre todo de 1º e 2º), xa que as actuacións puntuais de carácter remedial e clínico, tal e como figura na Ley 4, art. 19, dificilmente teñen boas expectativas de éxito, polo que utilizarase neste senso só puntualmente se fose necesario nos casos de condutas disruptivas constantes ou alumnado con suspensión dereito a clase por sanción.

3. COMPETENCIAS

COMPETENCIA BÁSICA	Os aspectos da competencia que se desenvolverán son:
5.COMPETENCIA	5.1- Saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolvelos con actitude construtiva e tomar decisións con autonomía empregando, tanto os coñecementos sobre a sociedade como unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade. 5.2.- Coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser

<p>SOCIAL E CIDADÁ</p>	<p>capaz de pórse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.</p> <p>5.3.- Participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas</p> <p>5.4.-Tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo.</p> <p>5.5.- Entender que unha posición persoal é ética se está baseada no respecto aos principios ou valores universais da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e da Infancia.</p> <p>5.6.- Valorar as diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.</p> <p>5.7.- Practicar o diálogo e a negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social.</p> <p>5.8.-Reflexionar criticamente sobre os conceptos de democracia, mostrar un comportamento coherente cos valores democráticos, que á súa vez leva dispor de habilidades como a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións e o control e autorregulación dos mesmos.</p> <p>5.9.- Construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercitar os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos e defender os dereitos dos demais.</p>
<p>1.COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</p>	<p>1.1.- Utilizar a linguaxe oral e escrita para representar, interpretar e comprender a realidade.</p> <p>1.2.- Construír e comunicar coñecementos, pensamentos, emocións, vivencias e opinións a través da linguaxe oral e escrita.</p> <p>1.3.- Dialogar, xerar ideas, estruturar o coñecemento e formar un xuízo crítico e ético a través da cohesión e coherencia do discurso oral ou escrito.</p> <p>1.4.- Establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, que se baseen na igualdade entre homes e mulleres.</p> <p>1.5.- Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes coa situación comunicativa, aplicando as regras de</p>

	<p>funcionamento e as estratexias para interactuar lingüisticamente.</p> <p>1.6.- Ter conciencia das convencións sociais, os valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e da intención comunicativa.</p> <p>1.7.- Favorecer a capacidade empática de pórse no lugar dos outros, ter en conta as opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico, expresando as súas ideas e emocións e aceptando e realizando críticas con carácter construtivo.</p>
<p>8. AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL</p>	<p>8.1.- Adquirir e aplicar un conxunto de valores e actitudes persoais como: a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas.</p> <p>8.4.- Dispor de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: pórse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.</p>

4. OBXECTIVOS

XERAIS

- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia das habilidades sociais no desenvolvemento persoal e na adaptación escolar e social dos alumnos.
- Posibilitar o cambio de condutas non desexables por outras máis adaptativas e prosociais.
- Promover e mellorar o desenvolvemento integral e social do alumnado.
- Facilitar a xeneralización e o mantemento das conductas ensinadas no contexto escolar e fóra deste.

ESPECÍFICOS

Profesorado

- Coñecer as diferentes habilidades e técnicas sociais que o alumno debe lexitimar na súa práctica diaria facendo un uso correcto delas.
- Favorecer a implementación desas técnicas e habilidades sociais en tódolas actividades educativas.
- Levar a cabo actuacións que favorezan a posta en práctica das habilidades sociais traballadas.

Alumnado

- Adquirir as conductas de interacción básicas necesarias para a interacción cos outros.
- Recoñecer as condicións que facilitan a comunicación entre os interlocutores.
- Aprender a escoitar correcta e activamente para obter máis información.
- Aprender a expresar as emocións e opinións propias correcta e respectuosamente.
- Identificar e responder axeitadamente á expresión de emocións e opinións dos demais.
- Recoñecer problemas interpersoais e solucionarlos dunha maneira axeitada.
- Sensibilizar, coñecer e identificar os conflitos como algo inherente ao ser humano e valoralos de maneira positiva.
- Interiorizar e pór en práctica técnicas eficaces para resolver os conflitos en diversos contextos e situacións de conflito.
- Coñecer as técnicas de mediación como estratexia de resolución de conflitos.
- Favorecer un clima de convivencia fundamentado na paz, a non-violencia e a democracia.
- Recoñecer situacións de conflito e analizar as diferentes respostas de solución que poidan ter.
- Coñecer e incorporar habilidades de comunicación, de interrelación e de negociación como solucións pacíficas de conflitos.
- Saber recoñecer e expresar emocións e sentimentos propios e alleos, e ser quen de porse no lugar dos demais como condición indispensable para

- unha comunicación efectiva.
- Desenvolver habilidades e actitudes críticas e reflexivas como prerequisites para facer frente a un conflito.
- Coñecer os pasos da resolución de conflitos e da mediación e aplicalos en situacións concretas.
- Fomentar a escoita activa e aplicar técnicas para centrar a conversación como elementos imprescindibles para o diálogo.

Familias

- Facilitar as familias información básicas sobre o tema e conciencialos sobre a importancia da formación do alumnado neste campo.
- Implicar aos pais no desenvolvemento social dos seus fillos, tratando de que sexan exemplo para estes na posta en práctica de diferentes habilidades sociais.

5. CONTIDOS

5.1.- AUTOCONCEPTO E AUTOESTIMA

- Identificación das cualidades positivas e negativas dun mesmo e dos demais
- Coñecemento e implementación de estratexias para fortalecer a nosa autoestima: o pensamento positivo

5.2.- ASERTIVIDADE E A EDUCACIÓN EMOCIONAL

- Identificación e verbalización dos nosos sentimentos e emocións.
- Recoñecemento dos sentimentos dos demais poñéndonos na súa pel.
- Coñecemento da noción básica de asertividade buscando exemplos da vida cotiá.
- Transformación da linguaxe coloquial en clave asertiva a través de exemplos reais.
- Coñecemento e aplicación de respostas asertivas sustituíndoas

as repostas pasivas ou agresivas.

- Identificación e asimilación de pautas para madurar emocionalmente.

5.3.- A COMUNICACIÓN INTERPERSOAL

- Identificación e interpretación dos elementos non verbais como parte da comunicación.
- Utilización axeitada da linguaxe non verbal nas nosas interaccións.
- Utilización de técnicas básicas para comezar, continuar e rematar conversacións de xeito apropiado.
- Aprender a evitar discusións.
- Valorar a importancia de saber dicir NON, saber que é un dereito, saber cando dicir NON.
- Comprensión e incorporación de conceptos básicos da comunicación eficaz: sinceridade, cordialidade, diálogo, empatía, escoita, respecto... na vida cotiá.
- Valoración e uso do diálogo como medio de prevención e resolución de conflitos.
- Escoita activa da narración dos feitos dun conflito.
- Exercitación da empatía poñéndose no lugar do outro, reflexionando e tratando de comprender o comportamento dos demais, como paso previo para a comunicación efectiva.

5.4.- OS CONFLICTOS E A SÚA RESOLUCIÓN

- Identificación de conflitos na vida diaria, a súa conceptualización e reflexión argumentada.
- Análise de situacións conflictivas e dos elementos que as integran.
- Diferenciación das diferentes solucións que pode ter un conflito: violentas ou pacíficas e as consecuencias de cada unha delas.
- Valoración e uso do diálogo como medio de prevención e resolución dos conflitos.
- Valoración do conflito como un medio de aprendizaxe da vida e para a vida.
- Actuación consecuente e consciente na resolución dos conflitos

- Valoración da importancia do traballo cooperativo na resolución de conflitos.

5.5.- TÉCNICAS E ESTRATEXIAS DE MEDIACIÓN

- Identificación e análise das fases a seguir no proceso de mediación.
- Participación activa en situacións de comunicación, especialmente na clarificación de ideas, verbalización de sentimentos, enmarcación da conversa e na recapitulación do exposto.
- Aproximación das partes na busca conxunta de decisións e acordos.
- Cooperación na transformación da situación conflitiva nunha resolución consensuada.
- Utilización e cumplimentación dos documentos formais do proceso.
- Valoración e agradecemento do esforzo realizado por ambas partes para chegar a unha solución positiva e consensuada.
- Recoñecemento da mediación como forma de convivencia e de resolución de conflitos.
- Identificación das características fundamentais que debe ter un mediador e relación coas súas propias.
- Participación en actividades que fomenten a resolución de conflitos e con especial incidencia na mediación.

6. ACTIVIDADES

Para o alumnado Ver Anexo e Recursos

Para as familias e profesorado charlas informativas sobre o tema.

A aplicación destas actividades farase dende as titorías presenciais co alumnado. Ademais o profesorado reforzará o seu uso nas relacións interpersoais na aula.

7. METODOLOXÍA

Este programa trata de empregar unha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno teña que asumir o papel protagonista desta aprendizaxe.

Teremos en conta os coñecementos previos do alumnado para tratar de enganchar con eses contidos, de maneira que se dea unha aprendizaxe significativa.

Empregaremos moito a aprendizaxe cooperativa, traballando en pequeno grupo a maioría das veces. Ademais primará toda a aprendizaxe verbal e non verbal, xa que é un dos contidos fundamentais de todo o programa, polo que a maioría das actividades serán orais, en situacións simuladas, achegándonos o máximo posible a situacións reais

8. RECURSOS

Os recursos que empregaremos son:

- Persoais: titor, alumnado, orientador, profesorado

- Fontes documentais:

- Bibliográfico:
 - BOQUÉ TORREMORELL, M^a Carmen, (2002), *Guía de Mediación escolar, Programa comprensivo de actividades de 6 a 16 años*. Rosa Sensat, Barcelona.
 - ROZENBLUMDE HOROWITZ, Sara (2007) *Mediación, Graó*, Barcelona.
 - "Desconócete a ti mismo". Programa de Alfabetización Emocional.
Güell, B., Manuel/ Muñoz R., Joseph. Padiós Ibérica, S.A.
 - "La alternativa del juego", Paco Cascón y Carlos Beristain, Ed Los libros de la catarata. Juegos y dinámicas que utilizan el enfoque "socioafectivo" para desarrollar el intercambio y la empatía.

Páxinas web:

1.- Programas que fomentan el diálogo constructivo, la argumentación y el debate.

- Argumentar para convencer (ESO 1er ciclo)
<http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/argum.pdf>

2.- Educación para la convivencia y para la paz. José Luis Zurbano Díaz de Cerio

- Bases teóricas.
http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/bases_dg%20.pdf
- Secundaria
http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/conv_sec.pdf

3.- Educar para la convivencia. Proyecto que pretende enseñar actitudes, valores y comportamientos que lleven al desarrollo de la competencia social en el alumnado y redunden en una mejora del clima de clase.

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/publicaciones/valores/educar_convivencia.pdf

4.- El mundo de Momo: Desarrollo personal y social. (ESO 1er ciclo)

http://www.pnte.cfnavarra.es/publicaciones/pdf/momo_dg.pdf

- Organizativos: reunión cos pais, profesorado e persoal non docente, reunión xefe estudos para a organización dos espazos e tempos, reunión de CCP e claustro de profesores.

9. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ALUMNADO

- Recoñecer en sí mesmo as características da súa maneira de ser e comportarse, facendo unha valoración positiva e realista deses aspectos.
- Identificar as diferentes emocións en si mesmo e nos demais, verbalizándoas, empatizando cos demais e comprendendo os diferentes estados de ánimo. Valorarase a capacidade do alumno para poñerse no punto de vista do outro e entender o que lle pasa en función do seu estado de ánimo e seu estado emocional.
- Comprender que é o conflito e identificar situacións cotiás en que apareza, valorando a importancia da nosa conduta na resolución dos problemas. Observaremos se o alumnado é quen de diferenciar e verbalizar conflitos comúns da vida diaria, ademais de coñecer definicións sobre este.
- Coñecer e implementar na vida cotiá as diferentes técnicas e

estratexias de resolución de conflitos e as diferentes habilidades sociais básicas, decidindo aquelas máis idóneas nos contextos específicos. Con este criterio avaliaremos a capacidade do alumno para dialogar, pórse no lugar do outro, ter unha escoita activa, tratar con respecto aos demais, ser quen de verbalizar sentimentos, expór os feitos dun xeito ordenado e coherente sen ofender aos demais...

- Coñecer e identificar as técnicas de mediación e tratar de empregalas como medio para a resolución de conflitos. Este criterio pretende avaliar se o alumnado utiliza de maneira espontánea esta técnica para resolver os seus conflitos ou a utiliza en situación de conflitos no seu contorno próximo.
- Aplicar en contextos reais a técnica da mediación utilizando todos os pasos con rigor. Avaliaremos o coñecemento e aplicación da técnica da mediación do alumnado formado para esa función, recollendo a capacidade para empatizar, reformular, parafrasear, recapitular, ter unha actitude obxectiva e imparcial, de axuda e cooperación para chegar a acordos finais.

Estes criterios avaliaranse ao longo de todo o proceso de formación do alumnado, facendo unha avaliación final no remate do curso, para ter unha visión máis completa dos resultados globais.

Empregaremos a observación, rexistro de actuacións do servizo, rexistro de seguimento dos casos mediados, autoavaliación, heteroavaliación e coavaliación dos mediadores mediante asembleas grupais e enquisas.

CRITERIOS AVALIACIÓN DO PROGRAMA

- Analizar o grao de participación e interese das persoas implicadas no programa.
- Valorar o grao de utilización e efectividade que ten o servizo de mediación no centro.
- Analizar o grao de repercusión que ten na consecución dun clima de convivencia pacífica no centro.
- Expresar o grao de funcionalidade das actividades e metodoloxía para a

adquisición dos obxectivos e competencias básicas propostas.

- Valorar a idoneidade da temporalización e dos recursos utilizados na posta en práctica do programa.
- Identificar as deficiencias e melloras que son necesarias implementar para que o programa sexa máis eficaz.

Estes criterios avaliaranse a través de diferentes técnicas e instrumentos: observación, cuestionario, entrevista. Participarán todos os implicados no programa.